

## RESUMO PROGRAMACIÓN 2º ESO CURSO 2023/2024

### 1. RELACIÓN DE UNIDADES E CONTIDOS MÍNIMOS FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO

#### UD.1 ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- Método científico.
- A magnitude e a súa medida.
- Sistema Internacional. Múltiplos e submúltiplos.
- Factores de conversión. Uso da notación científica.
- Traballo de laboratorio, instrumentos comúns.

#### UD. 2 OS ESTADOS DA MATERIA.

- A materia e as súas propiedades xerais e específicas.
- Cálculo da densidade.
- Teoría cinética da materia.
- Descrición dos estados da materia mediante a teoría cinética. Gráficas de quecemento
- Leis dos gases. Presión e temperatura. Unidades da temperatura. Escalas termométricas.

#### UD.3 DIVERSIDADE DA MATERIA

- Substancias puras e mestura.
- Tipos de mesturas.
- Preparación de disolucións. Cálculo de concentración g/L e % masa e volumen.
- Métodos de separación de mesturas.
- De qué está formada a materia: átomos
- Ordenación dos elementos na táboa periódica.
- Nomenclatura e formulación dalgún composto binario.

#### UD.4 CAMBIOS NA MATERIA

- Cambios físicos e cambios químicos
- Reacción e ecuación química.
- Factores que afectan a velocidade das reaccións.

#### UD. 5 FORZAS

- Forzas e deformacións. Lei de Hooke.
- Acción de varias forzas
- Leis da dinámica
- Forza eléctrica e magnética

#### UD. 6 MOVEMENTO

- Sistema de referencia. Compoñentes do movemento.
- Velocidade. MRU
- Aceleración. MRUA
- Gráficas dos movementos

**UD.7 ENERXÍA**

- Concepto de enerxía. Unidades.
- Tipos de enerxía.
- Conservación da enerxía.
- Temperatura e calor.
- Efectos e propagación de calor
- Fontes de enerxía, renovables e non renovables.
- Aforro enerxético e desenvolvemento sostible.

**2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO**

En cada avaliación realizaranse un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación.

- O 70% da nota da avaliación estará conformada pola media aritmética das probas escritas.
- O 30% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes, e que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos) 10%
- O caderno de aula onde se recollerá o traballo diario así como a realización de actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan 10%
- Prácticas de laboratorio (poden ser en laboratorio virtual) cos seus correspondentes informes 10%

A nota da avaliación obtense sumando as dúas partes indicadas e corresponderase coa súa parte enteira deixando a opción de redondeo para aqueles alumnos que no apartado de outros criterios (30%) teñan un mínimo puntuado en cada parte. Un alumno estará aprobado se acada unha nota de 5 ou superior a 5.

A nota final de curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións. Un alumno/a estará aprobado se a media das tres avaliacións é 5 ou superior de 5. Os redondeos das notas numéricas na avaliación final son:

- Cun decimal inferior a 5, queda a parte enteira da nota ( é dicir, non se aplica redondeo por exceso).
- Cun decimal igual ou superior a 5, aplícase o redondeo por exceso.

No caso de que se teña constatación de que un alumno/a realizou un examen fraudulento (mediante copia de compañeiro, uso de chuleta ou outros medios) a nota de ese exame será un 0. Esta norma é extensible para todas as probas xa sexan de avaliación ordinaria ou recuperación.

Se un alumno non pode asistir a un exame deberá xustificalo debidamente ante o profesor que decidirá se é o caso, a data do exame.

### **3. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 2º ESO**

- Recuperación por avaliación suspensa:

Cando un alumno/a non supere unha avaliación, terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación, a través da realización dunha proba escrita baseada nos mínimos correspondentes ás unidades didácticas traballadas en dita avaliación. A nota da proba escrita representará o 70% da nota da recuperación, e sumárase o 30% restante correspondente á nota que xa obtivera o alumno/a nesa avaliación (esta nota non se modifica).

A nota da recuperación será a parte enteira da nota (sen efectos de redondeo). Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

- Recuperación en Xuño:

Aquel alumnado que manteña algunha avaliación suspensa e non obteña unha nota media igual ou superior a 5 na nota final de curso, deberá realizar as correspondentes recuperación no mes de Xuño seguindo os seguintes criterios:

- Alumnos con unha única avaliación suspensa: teñen que realizar a proba escrita correspondente á avaliación non superada.

- Alumnos con dúas ou máis avaliacións suspensas: realizarán unha proba final dos contidos mínimos de todo o curso.

A proba escrita contabilizará o 100% da nota. A nota da recuperación será a parte enteira da nota (sen efectos de redondeo). O alumnado aprobará a materia se a nota obtida é igual ou superior a 5 puntos.